



UNIDADE 2

E ti, que opinas?

**Nesta unidade imos levar a cabo unha assemblea popular.
Para iso, imos aprender:**

- ♦ a dar a nosa opinión: **creo que** + indicativo, **non creo que** + subxuntivo
- ♦ a valorar diversas opcións: **é unha tolaría/é impensable...** + infinitivo/**que** + subxuntivo
- ♦ a poñer condicións: **(só) se/sempre que...**
- ♦ a expresar acordo ou desacordo
- ♦ o infinitivo conxugado
- ♦ a argumentar opinións
- ♦ a aludir a temas ou a intervencións doutras persoas: **iso de...**
- ♦ a secuenciar argumentos: **en primeiro/segundo/... lugar, por último...**
- ♦ vocabulario para falar do modo de vida, do ocio, do turismo e das características de cidades e vilas

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

A. En xeral estás conforme coa túa vivenda? Adáptase ao teu modo de vida? Que calidades che gustaría que tivese?

- *Eu, desde que casei, preferiría que fose un pouco máis ampla...*

B. Aquí tes unha serie de anuncios. Que tipo de vivenda cres que teñen as persoas ás que van dirixidos? Fai hipóteses sobre o modo de vida que levan e o tipo de produtos que pretenden.

CINTA ANDADORA
MODELO SR-6653



- SISTEMA DE INCLINACIÓN DE DÚAS POSICIÓNS
- 6 PROGRAMAS DIFERENTES
- SELECTOR DE VELOCIDADE
- VENTILADOR INCORPORADO
- PANTALLA DE PLASMA CON CONEXIÓN PARA DVD

A CINTA IDEAL PARA TODA A FAMILIA

BRICOFOGAR



Visítenos e compra os mobles máis confortables e que mellor optimizan o seu espazo. Fáceiles de montar. Durante o mes de xuño, **SEMANA FÁCIL**, con grandes descontos.

Señora de mediana idade ofrécese para servizo de limpeza por horas. De luns a venres.

989 471 958
989 471 958
989 471 958
989 471 958



C. A continuación vas escoitar algunhas opinións respecto dos anuncios anteriores. Coincides con algunha delas?

Viveiros "As Cortiñas"

Todo para o seu xardín ou a súa horta:

- produtos de mantemento
- sistema de regadío
- sementes
- fertilizantes

Contacte connosco e contrate tamén o mantemento do seu xardín para todo o ano.

Máis información: www.ascortinas.com

FISTERRA SOLAR

APÚNTESE ÁS ENERXÍAS RENOVABLES!

Instalación de placas solares.
Asesoría técnica.
Mantemento.
Electrodomésticos.

Visite a nosa páxina web
www.fisterrasolar.com
ou contacte connosco no 902 824 119



1. Anxo e Adela



4. Paco



2. María



3. Fermín e Eva



5. Celia

- *Eu creo que Celia non ten razón. A cinta andadora é un aburrimiento e, ao final, non a usas nunca.*

2. VIVENDAS SUSTENTABLES, VIDAS SUSTENTABLES

A. Nestas entrevistas, dúas persoas expoñen as súas opinións sobre os modelos de vivenda. A metade da clase lerá o texto da esquerda e a outra metade, o da dereita. Cales son as ideas principais das entrevistas?



(DE)CONSTRUÍR O MEDIO

O último libro de Olga Moares

A activista ecolóxica Olga Moares ofrécenos o seu punto de vista sobre a incidencia do urbanismo no medio e a habitabilidade das vivendas.

Parécelle que a habitabilidade das vivendas e a harmonía co medio preocupan cada vez máis a sociedade galega?

Sen dúbida. É unha cuestión que atinxe a toda a sociedade. Cómpre que comecemos por apostar por vivendas integradas na paisaxe, xa que esta non só debe estar reducida ao contorno natural, como os montes, o mar, os prados etc., senón tamén ao espazo habitable que, dende logo, debe ser moi respectuoso co medio. En Galicia non podemos derrubar a riqueza natural que temos, senón conservala. Non estou falando, tampouco, da conservación do medio como dun paraíso perdido, senón de algo tan sinxelo como que as actuacións urbanísticas sexan harmónicas co seu contorno, algo que a construción, en ocasións especulativa, non sempre respectou.

No seu libro tamén critica o abandono de hábitos de salubridade nos novos tipos de vivenda.

Efectivamente. A miúdo o encarecemento do solo urbanístico impón unhas restricións de espazo que acaban determinando a aptitude da vivenda para unha vida sa, xa que con frecuencia se constrúe sen unha adecuada ventilación dos cuartos e sen unha axeitada orientación solar que permita a recepción de luz natural. En fin, que son eivas que non axudan a contribuír á saúde física e psíquica. Unha casa ben osixenada e soleada axuda enormemente a que teñamos unha vida saudable e tamén, non esquezamos a súa importancia, a poder realizar un aforro enerxético considerable. Creo, por todo isto, que debería haber unha maior intervención e vixilancia das administracións na habitabilidade das vivendas que se constrúen.

Tamén fala de que sexan habitables para quen sofre discapacidades, non?

Claro. A aptitude dos espazos para quen sofre unha discapacidade non debe estar regulada só no ámbito público. Creo que se terminou o tempo no que unha persoa con discapacidades, así sexa no seu fogar, tiña que estar confinada no seu cuarto, ou imporlle limitacións que lle poden facer máis difícil o seu día a día. Na medida do posible, as vivendas deben prever estas situacións, por exemplo, con corredores nos que poida pasar facilmente unha cadeira de rodas, portas largas e cuartos de baño apropiados para situacións deste tipo. Non esquezamos, ademais, que un dos grandes retos da sociedade galega é facerlles fronte ás doenzas que proveñen dunha poboación envellecida como é a nosa. Garantirles unha boa calidade de vida tamén é responsabilidade de todos.



Entrevista coa arquitecta Asunción Cercas, autora do libro *Solucións de habitabilidade para o futuro: as vivendas unipersoais*.

A tese do seu libro foi acollida con división de opinións. Son os minipisos a solución para o problema da vivenda?

É unha pregunta de difícil resposta. Obviamente, os minipisos non van resolver o problema da vivenda, que é crecente e complexo, pero si creo que poden axudar. Tampouco é algo tan innovador, xa que se ten experimentado noutros países, o problema é valorar como e para que se fan. En todo caso, e para non parecer que me evado da resposta, moitos arquitectos non estamos, de ningún modo, contra este tipo de vivendas.

Minipisos e calidade de vida non son conceptos antagónicos?

Por suposto que non. É certo que o aumento da calidade da vida vai acompañado da superficie habitacional da que dispón cada cidadán. Pero por iso dicía na anterior pregunta que temos que ter claro o obxectivo dos minipisos, xa que, cos parámetros de superficie media que temos, 30 m² é unha superficie máis que razoable para un fogar unipersoal.

Estamos abocados, entón, a vivendas unipersoais?

O que si é certo é que estamos nunha sociedade, sobre todo nas cidades, constituída por fogares unipersoais. Ben porque cambiaron os hábitos de vida, ben porque se valora máis a independencia, o certo é que existe unha demanda crecente, que non se pode ignorar, a menos que esquezamos as necesidades reais dunha franxa importante da poboación. Os prezos das vivendas e o modelo urbanístico actual non lle dan moita marxe de acción a, por exemplo, un mozo que se quere emancipar.

Vostede fala tamén de mudar os hábitos de consumo habitacionais?

Si, isto ten que ir acompañado dunha nova mentalidade por parte do consumidor e tamén dunhas iniciativas máis decididas por parte da Administración. En principio, cando unha persoa decide vivir soa, esa decisión non ten porque ser inmutable, senón temporal e, para iso, como dicía, unha vivenda de 30 m² satisfai as súas necesidades. Agora ben, isto non implica ser o propietario, senón dispor temporalmente dela e por iso sería importante que as administracións incentivasen unha bolsa de vivendas deste tipo en alugamento, que desen resposta a unha necesidade temporal, pero básica, nas demandas da sociedade actual.

B. Failla un resumo do texto que liches a un compañeiro que leu o outro, comentándolle as principais ideas expostas na entrevista.

C. Buscade as ideas dos textos coas que esteades os dous de acordo. Podedes engadir argumentos para reforzar cada unha delas?

- A min paréceme ben o de fomentar os minipisos; cando fun vivir só tiven dificultades para atopar vivenda...



3. QUE CONSTE EN ACTA

A. Sabes cando e para que se adoita escribir unha acta? Escribiches algunha vez un texto deste tipo? Se agora tiveses que escribir a acta dalgunha reunión ou xuntanza na que participases, serías capaz de facelo? Comenta cos compañeiros como o farías.

B. Le agora este modelo de acta. Contén elementos similares aos que dixestes no punto anterior? Subliña no texto aqueles (palabras, construcións, fórmulas...) que che parezan propios deste tipo de documento.

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DE PROPIETARIOS

En Padrón, cando son as 18:00 horas do día 14 de abril de 2008, no local social do edificio Cavinsa, da rúa de Martínez Alba, nº 40, reunidos os membros da Xunta Directiva de Propietarios, baixo a presidencia de D. Leandro Gómez Xusto e actuando como secretario D. Álvaro Vélez García, desenvolveuse a reunión, segundo o previsto na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Estudadas as ofertas de reparación, acordouse, por unanimidade, renovar os ascensores e solicitarlle un orzamento á compañía que ofreceu a mellor relación calidade-prezo.
3. Oídos os argumentos do interesado, desestimouse a petición de D. Marcelino Arias Louxo de ampliar nun andar os edificios da rúa Marcelle.
4. Acordouse, por maioría, instalar calefacción centralizada e redistribuír os gastos proporcionalmente, en función do tamaño das vivendas.
5. Decidiuse someter á consideración do gabinete xurídico a posibilidade de habilitar ventás nos áticos e levar a súa aprobación á Asemblea Xeral de Propietarios.

Fóra da orde do día, foron deliberados os seguintes puntos:

6. Dada a quebra da empresa que se dedicaba á limpeza dos garaxes, aprobouse pedir orzamentos a outras compañías coa máxima urxencia, para que xa se poida levar a cabo o mantemento dos garaxes do mes de maio.
7. Propúxose para cada vivenda unha cota de 20 € para festexar o San Xoán.
8. Nomeouse a D. Xosé Méndez Díez como organizador dos preparativos da festa.

Ao non haber máis asuntos para tratar, e lidos os acordos tomados, asinan os asistentes e levántase a sesión ás 20:00 horas.

O presidente,

Padrón, 14 de abril de 2008.

O secretario,

4. NEGOCIAMOS?



A. A varias persoas que traballan na mesma empresa propuxéronlles a posibilidade de deixar de traballar en horario partido (de 9 a 14 h e de 16 a 19 h) para pasar a traballar en horario flexible. escoita a conversa e di cal é a postura da maioría. Que vantaxes e inconvenientes encontran en cada opción?



B. escoita outra vez e fíxate nos recursos que usan as persoas para tomar a quenda de palabra. Anótaos.

5. ISO QUE DIS...

E ti, que opinas sobre as afirmacións que seguen? En parellas, discútide o tema para expresar cada un a súa opinión. Podedes empregar as expresións do cadro de abaixo.

- Agosto é o mellor mes do ano para ir de vacacións.
- O extremado uso de Internet só nos serve para complicar máis a vida.
- Sen deixar lugar a dúbidas, o cine europeo é o que ten mellor calidade.

– Eu iso non o vexo así...	– iso (que dis) é unha tolerancia...
– Niso estou/non estou de acordo...	– iso tamén é certo...



6. CON CONDICIÓN

A. Logo dunha longa negociación sobre condicións laborais, o comité de traballadores dunha empresa estableceu algunhas condicións. Le a lista e observa as estruturas que usan.

- De nos **pagaren** o transporte, aceptaremos o traslado ao novo edificio.
- Asinaremos o novo convenio **só se** a empresa **se compromete** a revisar os salarios anualmente.
- Faremos o curso de informática avanzada que propón a dirección, **a condición de que** non **sexa** durante a fin de semana.
- Negámonos a traballar os sábados pola mañá, **a non ser que** a empresa o **compense** con algún día libre entre semana.
- Renunciariamos ao bono de comidas **só no caso de que** a empresa **instalase** un restaurante autoservizo e cubrise os gastos dos menús dos traballadores.
- **Caso de facermos** horas extras, cobrarémolas inmediatamente.

B. Fíxate nas formas verbais subliñadas na actividade A. En que modo e tempo están? Saberías dicir por que e cando se empregan? Coméntao co teu compañeiro e logo aclarádeo co voso profesor.

C. Agora, decide que estruturas poden completar as condicións das seguintes frases. Compáraas logo coas que seleccionou o teu compañeiro e comentade todas as alternativas válidas.

Fariamos gardas de noite nos **pagasen** un suplemento.
Faremos gardas de noitenos **pagaren** un suplemento.
Faremos gardas de noite nos **pagán** un suplemento.
Faremos gardas de noite nos **paguen** un suplemento.
Non faremos gardas de noite nos **pagasen** un suplemento.

Asistiremos ao congreso nos **cubran** todos os gastos.
Asistiríamos ao congreso nos **cubrisen** todos os gastos.
Non asistiremos ao congreso non nos **cubran** todos os gastos.
Asistiremos ao congreso nos **cubriren** todos os gastos.



A oración participio

Consiste na asociación dun participio e un substantivo, ou dun pronome que o substitúa. Neste caso o participio concorda co substantivo en xénero e número, xa que funciona como un adxectivo, e sempre o precede.

- **Aclarada a situación**, todos volveron aos seus quefaceres.
- **Finalizado o prazo**, decidiron facer a protesta.
- **Respondidas as preguntas**, cerrouse a reunión.
- **Analizados os expedientes**, pasouse á votación do tribunal.

O infinitivo conxugado

andar	beber	partir
andar	beber	partir
andares	beberes	partires
andar	beber	partir
andarmos	bebermos	partirmos
andardes	beberdes	partirdes
andaren	beberen	partiren

A flexión do infinitivo non ten un emprego obrigatorio, pero recoméndase o seu uso principalmente nos seguintes casos:

- cando a forma de infinitivo ten un suxeito distinto ao do verbo principal:
 - De **acceptaren**(eles) as nosas condicións, asinaremos(nós) o contrato cando queiran.
- cando, malia teren o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, a oración de infinitivo vai anteposta:
 - Para **facermos**(nós) máis rapidamente este traballo, necesitamos(nós) unhas ferramentas máis axeitadas.
- cando, coa oración de infinitivo posposta e tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, o infinitivo vai distanciada do verbo principal:
 - Temos que ler moi ben as instrucións que acompañan estes mobles para **podermos** montalos.

Valorar

Cando valoramos unha situación xeral que afecta a todos, incluíndo o que emite a opinión na oración principal, na oración subordinada emprégase o infinitivo.

- Paréceme mal **ter** que madrugar tanto.
(a min) (calquera)
- A Virxinia parécelle mal **ter** que madrugar tanto.
(a ela) (ela)

Cando valoramos unha situación que afecta a outra ou outras persoas diferentes do falante, na oración subordinada emprégase o subxuntivo.


- A Virxinia parécelle mal que o seu home **madrugue** tanto.
(a ela) (el)

Facer propostas

- | | |
|--|--|
| INFINITIVO | |
| ● O que propoño é discutir o tema cos outros socios.
(eu) (todos) | |
| SUBXUNTIVO | |
| ● O que propoño é que nos reciba o director.
(eu) (el) | |

Poñer condicións para negociar

	(só) se	+ INDICATIVO me convidan .
Irei á cea	sempre que sempre e cando (só) no caso de que a condición de que con tal de que a non ser que	+ SUBXUNTIVO me conviden .
	caso de de	+ INFINITIVO CONXUGADO me convidaren .



Aludir a temas ou a opinións: iso (de)

Usamos a forma neutra **iso (de)** para presentar unha situación ou un feito xa coñecidos.

- **Iso de** que apracen a viaxe non é xusto.
(= xa se dixo que aprazan a viaxe)
- **Niso de** facer só todo o traballo, non estou de acordo.

Para aludir ao que alguén dixo.

- A arte contemporánea non ten ningún interese.
- **Iso** paréceme unha tolaría.
- Eu creo que é mellor que lle contemos a verdade.
- **Niso** non estou de acordo. Vaino tomar moi mal.

Xestionar as quendas de fala

Cederlle a quenda a outra persoa

Para permitirlle a outra persoa a entrada nunha conversa, dispomos de diferentes recursos.

- **Ti, que opinas**, Maruxa?
- **E a ti**, Maruxa, **que che parece** todo iso?
- **Parécelle** (a vostedes) **ben** esta proposta?
- **Ti, como o ves?**
- **Como vedes** o que propón Pedro?
- **Que pensan/opinan** (vostedes) **sobre** isto?
- **E ti, estás de acordo?**

Iniciar unha quenda de fala

É frecuente iniciar unha intervención con algunha das seguintes expresións.

- **Eu quero/quería dicir** unha cousa
- **Gustárame engadir algo**
- **Teño algo que engadir** + OPINIÓN
- **Eu teño unha proposta**
- **En relación con isto que dixeches**
- **Respecto a iso que acabas de dicir**

Polo xeral, as expresións anteriores van acompañadas dun ton de voz decidido (máis alto, máis rápido...) e dalgún xesto de entrada á discusión.

En galego, cando se discute, é frecuente “roubarlle a quenda” ao interlocutor, é dicir, interrompelo antes de que finalice a súa intervención. Aínda que isto non se considera unha descortesía, recoméndase evitalo nas situacións de máis formalidade.

- Pois eu creo que deberíamos falar con eles e...
- Nada, nada... o que hai que facer é conseguir un avogado e xa está.

Organizadores da argumentación e conectores

Introducir unha opinión persoal

Na miña opinión,
Para min, _____ **esta é a mellor proposta.**
Tal como o vexo eu,
Estou convencido/a de que

En ocasións, podemos inverter a orde no modo de dar as opinións.

Iso é unha grande inxustiza,
_____ **tal como o vexo eu.**
_____ **para min.**
_____ **estou convencido/a.**
_____ **na miña opinión.**

Dar unha información sen responsabilizarnos da súa veracidade

Segundo din,
Din que
Segundo parece, _____ **van comezar as obras do novo hospital.**
Oín que
Seica/Disque

Engadir argumentos ou insistir nun aspecto da nosa argumentación

No fondo,
A verdade é que _____ **todos estaban de acordo coa súa decisión.**
O certo é que
Á fin de contas,

Engadir unha nova información negativa

E para cúmulo,
E enriba _____ **converteron a rúa nun paseo peonil.**
E por se fose pouco,
E o que faltaba,

Para resumir e concluír

En resumo,
Total, que _____ **tivemos que deixarlles o coche uns días máis.**
En fin, que

Ordenar a información

En primeiro lugar, Por unha banda, Por un lado,	o espazo dispoñible é insuficiente para instalar un ascensor.
En segundo (lugar), Por outra (banda), Por outro (lado),	a comunidade de veciños non podería asumir un gasto tan alto neste momento.
(E) por último, E ademais,	a maioría dos veciños non o ven necesario.

Apoiar/Rexeitar unha proposta

Eu subscribo/apoio a vosa proposta.
Eu estou a favor do que propuxo o alcalde.
Eu véxoo coma ti.

Eu non subscribo/apoio a vosa proposta.
Eu estou en contra do/non estou a favor do que propuxo o alcalde.
Eu non o vexo coma ti.



7. DEFENDER OPINIÓNS


En grupos de catro, ides facer unha cadea de opinións. Cada un de vós ten que expresar unha das seguintes. Os demais teñen que reaccionar mostrando acordo ou desacordo. Non vale repetir o mesmo tipo de respostas.



A pirataría é un delito, deberíamos comprar todo orixinal.



Os videoxogos son cada vez máis violentos, cómpre prohibilos.



Deberían subir o prezo da auga, a xente non a valora. Seguro que consumiríamos moito menos.



Deberíamos impulsar o teletraballo; perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.



Estaría ben que houbo máis redes de intercambio, de roupa, de libros, de CD etc. e que se creasen bancos de tempo, onde invistes co que sabes facer e podes obter outro tipo de axuda a cambio.

- Deberíamos impulsar o teletraballo, perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.
- Pois a min non me parece unha boa idea, necesitamos relacionarnos cos demais.
- Eu tampouco o vexo claro, a verdade...

8. SÓ SE ANDAS AO XEITO

Pensa nunha ou dúas cousas ás que lles teñas un apreio especial. Despois, ti e os teus compañeiros dirédes-las ao voso profesor, que as anotará no encerado xunto co nome do propietario. Cada un poderá escoller un obxecto que lle interese e pedirlo ao seu dono. Este empréstalo, pero poñendo condicións.

- A min interésame a bici de Xabier. Déixasma para a fin de semana?
- Vale, pero só se andas ao xeito e non te metes polo monte.

...se...
 ...só se...
 ...só se me prometes que...
 ...só a condición de que...
 ...a cambio de que...

9. FEÍSMO

A. A que pensas que se refire o termo **feísmo urbano**? Podes dar exemplos concretos? Pensas que é algo que só se dá en Galicia?

B. Agora le este texto e coméntao cos compañeiros.

Feo!

O feísmo enténdese como un conxunto de accións no ámbito da vivenda e do patrimonio que degradan dalgún xeito o contorno no que se realizan. O termo non fai referencia só a construcións habitables, senón

que tamén engloba outro tipo de obras humanas, como as verteduras ilegais de lixo, a colocación descontrolada de antenas de televisión e de telefonía móbil, os cables polas paredes dos edificios, as fábricas enclavadas entre a vila e o rural ou as pontes nas que importa máis a forma e a estética que a función que cumpren.

Desgraciadamente é doado atopar numerosas mostras de feísmo en Galicia. Unha das que máis chama a atención é a manifesta presenza de dúas clases de edificios: os que carecen de acabado exterior, deixando á vista ladrillo ou bloque, e os que, aínda que están rematados no seu exterior, non teñen cabida no lugar de edificación nin pola súa forma, nin pola composición, nin polo tratamento dos seus elementos exteriores.

O feísmo iníciase na etapa preindustrial (primeira metade do séc. XX), momento no que xorde un urbanismo de proporcións desmesuradas e desordenadas sobre o que as autoridades non exercen ningún control: os promotores e construtores poden construír como lles cadra, e son cómplices e partícipes da deterioración do noso medio xunto con arquitectos, apareladores, técnicos, entidades municipais e propietarios.

Dada a importancia deste fenómeno e en prol de buscar solucións dende varias fronteas, naceu o Foro do Feísmo, do que ata o momento xa se levan realizadas dúas edicións. O resultado da primeira, levada a cabo en Ourense en 2004, foi o libro *Feísmo? Destruír un país*, un extenso material de reflexión e documentación fotográfica. O lema da segunda, que tivo lugar en 2007, foi “Construír un país: a rehumanización do territorio”. Dende o foro, sinálase que o feísmo non é un problema só da nosa terra, xa que pode considerarse que estamos ante unha consecuencia sistémica, non autóctona, que presenta características similares en todo o mundo.




C. En parellas, pensade en catro medidas que se deberían ter en conta dende diferentes ámbitos sociais, institucionais ou empresariais para evitar que o feísmo siga medrando.

D. Entre toda a clase ides facer unha exposición das vosas ideas e tedes que redactar un decálogo contra o feísmo.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

A. Aquí tes un fragmento de información turística sobre Vilariz, unha vila ficticia galega. Le o texto. Recórdache algunha outra vila que coñezas? Ten cousas en común co lugar onde vives?



O concello de Vilariz atópase na metade occidental da provincia de Ourense e ocupa unha extensión de 56 km². En 1971 foi declarado Conxunto Histórico Artístico. A súa zona histórica ofrece un bo estado de conservación, grazas ao esforzo rehabilitador dos últimos anos, traballo que se viu recompensado co Premio Europeo de Urbanismo polo Proxecto de recuperación integral do conxunto histórico artístico e do seu río en 1997. Isto fai que a visita ao núcleo urbano sexa unha cita imprescindible.

Facer referencia a un só monumento non é posible en Vilariz; toda ela en por si é un monumento que merece ser paseado. Nel existe unha conxunción admirable de elementos militares, relixiosos e civís. Aínda hoxe se conserva a esencia do seu carácter nos monumentos e nas rúas de trazado medieval. Un paseo por esta vila dá conta da súa beleza. Achegarse ao Convento de Santa Elvira, o barrio xudeu, o campo da Xesta, o Penedo da Fraga e o castelo, que é unha atalaia natural no antigo asentamento cunha preciosa vista panorámica, son algúns dos moitos lugares que se poden visitar en Vilariz.

O Parque Etnográfico está composto por tres interesantes infraestruturas que son: o Muíño do Crechas, o Museo do Tecido “O Fiadoiro” e o Museo da Curtiduría. Todos eles evidencian o que nun tempo significou o modo de vida e a economía desta zona, claramente ligada ao río que baña as súas terras.

Entre as festas máis importantes da vila cabe destacar a Festa da Besta, que se celebra dende o século XIV, e que ten na súa orixe a disputa entre cristiáns e xudeus; a Festa de San Bieito, que celebra as festas patronais no mes de xullo.

Vilariz dispón dunha ampla variedade de ocio, dende a visita aos museos ou ao núcleo histórico, ata o gozo das amplas zonas verdes, praias fluviais, piscinas, onde, ademais do encanto do baño, se pode practicar piragüismo ou dar agradables paseos en barca, dende o embarcadoiro situado na Alameda. Un paseo pola riqueza natural que posúe, a través dalgunha das rutas de sendeirismo, mostra outras posibilidades de gozo tan impresionantes en beleza como as da súa zona histórica.



B. Agora escoita a nova que a radio local de Vilariz difundiu hoxe. Anota os datos máis relevantes: que?, cando?, quen? Cales son os grupos máis enfrontados? Que argumentos expoñen?



11. A ASEMBLEA

A. Estas son algunhas das persoas que viven en Vilariz e que asisten á asemblea. Quen cres que se posicionará a favor e quen en contra? Quen dubidará? Por que? Tende en conta o texto informativo repartido ao comezo da asemblea.

- **Álvaro Ramos:** o construtor.
- **Nita Pereiro:** a alcaldesa.
- **O presidente** da asociación de Amigos do Castelo.
- **Adriana:** venezolana, ve moi ben a posibilidade de que haxa traballo na vila.
- **Bieito:** ecoloxista.
- **Algúns veciños:** ven a posibilidade de vender algunhas das súas terras.
- **Outros veciños:** non queren vender as súas terras.
- **Miguel:** un veciño no paro.
- **Nuno Castro da Silva:** o dono dunha axencia de viaxes con sucursal en Portugal.
- Outros...

Información para os asistentes á asemblea

Penedo da Fraga e castelo: atalaia natural no antigo asentamento do castelo, dende onde se pode gozar dunha fermosa vista panorámica. Comezou a construción do castelo entre 1072 e 1078. Entre finais do XIV e principios do XV sufriu unha forte reconstrución. Tiña unha planta rectangular, división interior en dous cadros, correspondentes posiblemente coas dúas plataformas actuais. Catro torres circulares, unha en cada esquina. Xa en moi mal estado dende tempo atrás, o castelo desaparece a mediados do XIX por efecto da desamortización de Madoz. O século XIX comeza coa ocupación das tropas napoleónicas e segue coa desamortización de mediados do século que supuxo o desmorte do castelo e acabou coa desaparición dunha ponte e boa parte dos tramos amurallados. En 1900 Vilariz vive momentos de prosperidade, chegando a ter 10.000 habitantes.



B. Entre todos, decide que personaxe ides adoptar cada un de vós na asemblea. Formade grupos coas persoas que van defender a mesma postura (a favor, en contra e indecisos) e preparade os vosos argumentos.

C. Realizade a asemblea e votade ao final dela se se vai permitir a construción do hotel. Expoñede os vosos argumentos e recordade que vai haber un grupo de veciños indecisos que deberán tomar parte ao final da votación.

● *Pois a nós parécenos inconcibible que se faga unha cousa así na nosa vila, porque, en primeiro lugar....*

D. Para rematar, escribide a acta da asemblea, segundo o modelo visto na actividade 3, para recoller os principais acordos aos que chegastes.

12. PATRIMONIO HISTÓRICO

A. Unha reportaxe xornalística analizou a situación da zona antiga de diversas vilas galegas. Le e comenta co compañeiro se coñeces algunha das seguintes vilas e o estado da súa zona histórica.


Baiona

O enclave turístico galego, alén dos encantos marítimos, ten un grande atractivo arquitectónico, xa que foi declarado Conxunto Histórico Artístico. Carece dun plan especial para a súa protección e iso ocasiona que non todas as construcións gocen de boa saúde. A zona histórica acolle fundamentalmente negocios relacionados coa hostalaría, pois o comercio mudou a outros barrios da vila.



Betanzos

É unha das vilas máis entregadas de Galicia e posúe unha das zonas históricas máis visitadas. A pesar de que conta con inmobles en mal estado, é unha zona bastante dinámica, con abundante vida comercial, especialmente de hostalaría.



Cambados

Conserva intacta a parte máis antiga da vila mariñeira que é. A protección urbanística do núcleo urbano permitiulle conservar a zona histórica e hoxe é un dos lugares máis atractivo das Rías Baixas, onde abundan os locais nos que se pode degustar un bo albariño.



Castro Caldelas

A zona histórica xira en torno ao castelo, cuxas obras de restauración promoveron a recuperación de inmobles. Porén, a caída demográfica dificulta a recuperación da zona e implica que aínda haxa moitas construcións en mal estado.



Combarro

É unha das xoias da costa galega. A combinación do mar coa agricultura, que simboliza a ringleira de hórreos fronte ao mar, fai de Combarro un lugar de grande atractivo turístico. Este espazo tivo varias fases de rehabilitación, o que motivou unha estimable mellora do núcleo.



Corcubión

Da Costa da Morte é a vila que conserva un maior patrimonio histórico. Conta cun plan especial de protección e, aínda que perde poboación e a vida comercial é escasa neste núcleo, foi mellorando considerablemente o seu aspecto.



Mondoñedo

A cidade episcopal é unha das que maior historia agocha. O seu núcleo histórico sofre as consecuencias da decadencia, que non deixan de darlle certo encanto, malia que se agradecería unha maior actuación na recuperación dos inmobles máis antigos.



Muros

É unha das fachadas atlánticas máis fermosa da costa galega e mellor conservada, grazas ao plan de protección que ten dende o ano 1966. De todos os xeitos, non pasa polo período económico máis puxante, o que impide unha rehabilitación máis ambiciosa.



Pontedeume

Os soportais e as galerías fan de Pontedeume unha das estampas máis recoñecibles da paisaxe galega. Está bastante ben conservada e é un espazo bastante dinámico grazas ao asentamento da hostalaría. Con todo, presenta zonas susceptibles de ser melloradas.



Ribadavia

O atractivo cultural de Ribadavia vai paralelo ao seu encanto histórico. Os plans de protección motivaron a conservación e beleza do seu patrimonio arquitectónico. De todos os xeitos, bóta-se en falta unha maior actividade no núcleo xa que presenta escasa poboación e carece practicamente de vida comercial. Por causa disto, algúns edificios mantéñense en mal estado.



Ribadeo

É unha das pedras angulares do Cantábrico, pola súa situación xeográfica, na fronteira con Asturias. Ten prohibida as edificacións no núcleo histórico. A densidade de poboación e a crecente vida comercial na zona histórica, ademais dos plans de protección, manteñen a parte máis antiga da vila en bo estado.



Sarria

É unha das vilas importantes do Camiño de Santiago. A pesar de conservar bastante o seu patrimonio histórico, este é apenas un reflexo do que foi, xa que foi desaparecendo pouco a pouco. De feito, hoxe en día a vida da vila transcorre nos seus barrios máis novos.



Tui

O paso a Portugal esixe parada obrigatoria en Tui. A histórica vila conserva o seu patrimonio arquitectónico en bastante bo estado. Ten, ademais, unha vida comercial e social moi intensa, aínda que a afluencia de locais de hostalaría ás veces ocasiona queixas polos rúidos nocturnos.



B. Tendo en conta o que acabades de ler e a vosa propia opinión, que características pensades que debe ter a zona histórica ideal. Faládeo en pequenos grupos e logo discutídeo entre todos.

C. A partir do que acabades de discutir, e do voso modelo de zona histórica ideal, tendes algunha idea para mellorar a situación dalgunha das vilas do texto?

13. O MISTERIO DAS GRANDES CONSTRUCCIÓN

A. As catedrais constitúen un dos principais atractivos arquitectónicos, culturais e relixiosos dunha cidade. Se estás de viaxe nunha cidade e hai unha catedral, adoitas visitala? Que motivos te animan a facelo? Poderías expor as sensacións que tiveches durante unha visita a unha catedral?

B. Le o seguinte fragmento de *Trece badaladas*, de Suso de Toro. Como poderás comprobar, hai moitas referencias a elementos da Catedral de Santiago. Coñécelos todos? Coméntao cos compañeiros e co profesor.

Fóra daquela igrexa en obras de restauración, fóra daquel espazo baleiro, parecía que os ruídos da vida se reanudaran, o zumbido do tráfico, unha voz pola rúa, os seus propios pasos sobre as lousas. Camiñou cara á catedral, sentíase ben, recuperábase de todo e o seu corpo respondía con vivacidade. Os seus pasos eran cada vez máis lixeiros, guiados por unha ansia de coñecer o fin daquel soño que a tragara naqueles días.

Xa era a noite e brillaban as lousas da Quintana dos vivos, luídas e húmidas. Dirixiuse á porta das Praterías, entrou no portal, atenta a calquera pegada do paso de algo extraordinario. Mais todo estaba igual, a basilica resplandecía alumada nas bóvedas por potentes focos, o brillo do altar, currunchos en penumbra, algunhas mulleres sentadas nos bancos. Cheiro a cerrado, ás suores dos centos de persoas que pasaran por alí aquel día, ao alento do húmido. Camiñou cara ao Pórtico da Gloria, os confesionarios cerrados. E o Pórtico sen xente, escuridade, figuras en penumbra, nada. Non había ninguén. Todo estaba en orde.

Sentiu unhas voces, as dunha muller e mais un home, que se achegaban falando baixo. Ela era da limpeza, vestía un mandilón azul e levaba unha vasoira nunha man e un recolledor na outra. O home que a acompañaba vestía traxe escuro, cun galón dourado na manga. O home indicáballe algo en dirección ao pé do piar central do Pórtico, xunto á estatua do santo dos Croques. Ela achegouse ao sitio cando xa chegaban eles tamén; no chan, unha moreña de algo como cal, ou cemento.

—Mira ti, o que veñen botar aquí... —e a muller con movementos precisos e compasados empurrou o po coa vasoira no recolledor—. Pois acababa de varrer. Isto foi alguén que veu aquí a última hora de deixar a cagada, dispensando.

C. A continuación tes o argumento de *Trece badaladas*; despois de lelo, discute co teu compañeiro en que parte do argumento cres que se pode encontrar este fragmento. Cres que pode ser unha novela interesante? Animaríaste a lela?

Xacobe, un produtor de cine, recibe a visita de Celia, unha escritora que lle vén presentar un guión. Malia á frialdade inicial de Xacobe, unha vez que le a historia comeza a se interesar por ela. A razón é que o relato se parece moito á súa vida e, sobre todo, aos misterios que lle están a suceder ultimamente. Celia termina achegándose a Xacobe e aos seus problemas, que parece que teñen que ver co son de trece badaladas que a campá da Berenguela dá na “hora do demo”, relacionada con misteriosos ritos pagáns.

Xacobe, mentres xanta con Celia, recibe unha nota e é invitado a unha misteriosa cita ás doce na Alameda. A treboada, o forte vento e o medo fan que Xacobe e Celia terminen deitándose xuntos. Celia fica durmida e cando esperta ve que Xacobe xa non está, vai de présa para o lugar da cita e contempla a discusión entre o seu amigo e o misterioso home, pero antes de reaccionar cae fulminada por un mal agoiro. É rescatada por Miguel Ramírez, un prateiro membro da Confraría do Apóst-



Suso de Toro naceu en 1956 en Santiago de Compostela. É coñecido fundamentalmente polo seu labor como novelista, aínda que colabora frecuentemente en radio e prensa escrita e cultivou o ensaio. *Polaroid* (1986), *Calzados Lola* (1997), *Trece badaladas* (2002) e, a máis recente, *Home sen nome* (2006) son algúns dos seus principais fitos narrativos, aínda que a que máis proxección exterior tivo foi *Trece badaladas* (2002) que obtivo un ano máis tarde o Premio Nacional de Narrativa. Escribiu tamén libros de xornalismo e ensaio como *Españois todos* (2004), *Outra idea de España* (2005) ou *Madeira de Zapatero. Retrato dun presidente* (2007).



Ela atreveuse a suxerir:

—¿E logo iso, que é? Parece cemento...

O home do traxe escuro ollouna e non contestou nada; a muller da limpeza acabou de pasar a vasoira.

—Pois é como fariña. Fariña non é, parece como unha borralla moi miúda ou pedra moida... —dixo e deu volta cargando con aquilo no recolledor—. Isto xa vai polo váter, que é miúdo. Tiro pola cadea e, ala, xa marcha polo Sar abaixo. Ao mar. —Xa marchaban os dous.

—¿Pero quen tiraría iso aquí...? —insistiu en voz alta cara a eles.

O home do traxe escuro deu volta e animouse a contestar:

—Antes vin pasar alguén cara aquí, pareceume algo raro e vin atrás del. Cando cheguei, xa non o vin, pero aí estaba esa miseria. Debeu tirar iso aí e marchar pola porta do Obradoiro.

A estatua do santo dos Croques axeonllado ollaba para o altar maior, que refulxía en pan de ouro. Ela parouse ao seu carón, de par daquela figura con face xuvenil, case infantil, intentado ver o que aqueles ollos estarían vendo, mais só contemplou a altura daquel espazo, o esplendor do altar, persoas espalladas polos bancos en silencio. Algún home maior, mulleres de distintas idades, o chufasqueiro brillante dun peregrino.

Unha hora común, un momento cotián na catedral. Supuxo que logo habían ser as nove e fecharía a basilica. E saíu daquel lugar onde se sentía allea.

Ela non tiña un lugar así ao que agarrarse, só tiña a súa vida, unha vida que entón lle pareceu insignificante. Foi sen ánimo para a súa casa.

Trece badaladas, Suso de Toro.

tolo que seguía o protagonista, xa que este expresara o seu desexo de entrar na Confraría. Ramírez pretendía observar se Xacobe respondía aos parámetros de conduta que se esixían para ingresar, pero descobre que algo misterioso agocha Xacobe, cando repara que naceu o mesmo día que morrera un irmán seu, campañeiro da Berenguela, trinta anos atrás.

Celia xa nunca máis verá a Xacobe, pero non se detén ata topar resposta aos misterios que xuntos viviron nas últimas semanas. Visita ao cóengo da catedral e indícalle que a situación de Xacobe ten que ver cunha relixión pagá vinculada ao gremio dos escultores de pedra. Por fin Celia comeza a recompor o quebracabezas, cuxa explicación ten que ver co que lle conta o cóengo e cunha sorprendente historia arredor do mestre Mateo e a súa vinganza pola negativa dun bispo a enterrar na catedral o seu fillo primoxénito morto en accidente. Todo iso planea sobre o desenlace dunha novela repleta de intriga, misterio e terror.